

PREGUNTA ORAL SOBRE A SUPRESIÓN DA ÁREA DE APARCAMENTO PARA MOTOCICLETAS NA AVENIDA DE FIGUEROA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Nos primeiros días de setembro foi instalado un sinal informativo nunha das marxes da Avenida de Figueroa, concretamente no espazo triangular que a modo de pequena praza linda cun laterais do Instituto Rosalía de Castro e co edificio da Policía Nacional na Avenida de Rodrigo de Padrón. O sinal advirte da prohibición de estacionar motocicletas a partir do mes de outubro e informa de catro alternativas: nas rúas Xoán Carlos I, García Sabell, Hórreo e Praza de Mazarelos.

Segundo as estimacións que se poden facer calquera xornada laboral nese espazo da Avenida de Figueroa veñen aparcando diariamente unha media de medio centenar de motocicletas de persoas que traballan nas proximidades. Se temos en conta o limitado número dos espazos delimitados especificamente como área de aparcamento para motos nas catro zonas ofrecidas como alternativa e a elevada ocupación habitual das prazas dispoñibles, non parece que a solución proposta poida ser suficiente para dar cabida ás motos que na actualidade estacionan na Avenida de Figueroa.

Tendo en conta o exposto, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Quen -e por que motivos- decidiu a supresión das prazas de aparcamento para motos da Avenida de Figueroa; cales foron os criterios para establecer as catro alternativas propostas; e cales son as previsións do Goberno para ampliar os espazos destinados ao estacionamento de motos nas catro rúas citadas e no conxunto da cidade?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018



Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

